

DEPARTAMENTO DE LATÍN/GREGO

ADENDA PROGRAMACIÓN: Adaptación ao contexto da COVID 19

- 1. Temporalización:** Todo o curso

- 2. Obxectivos desta adaptación:**
 - Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
 - Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
 - Reforzar, partindo das análises e informes elaborados a finalización do curso 2019/2020, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, expostos na programación.
 - Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados desta análise.
 - Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

- 3. Breve análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

No curso de 4º ESO e nos cursos de 1º BAC non é preciso facer ningunha recuperación de contidos xa que son asignaturas novas.

En 2º BAC, tanto en Latín como en Grego faremos un repaso durante os meses de outubro e novembro facendo fincapé nas cuestións de sintaxe (subordinación) necesarias para acadar o nivel de tradución esixido pola CIUG nas probas ABAU.

- 4. Adaptacións necesarias á docencia non presencial**
 - Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de alumnado en corentena ou de suspensión das clases presenciais.

Empregaremos fundamentalmente a plataforma Webex para impartir clases e o Classroom e o correo gmail para entrega de material, tarefas propostas e corrección das mesmas

- Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Os propostos na programación. Empregarase o material entregado pola profesora a través do Classroom e do correo grial sempre coa apoiatura do libro de texto do alumando.

- Criterios de avaliación.

Os propostos na programación. Se a actividade non é presencial mandarase exames telemáticos a través da plataforma Classroom ou o Webex remitidos na forma e prazo que a profesora propoña. As porcentaxes de tales probas son as recollidas na programación para os diversos cursos.